

**SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR CURSO 2024/2025****CENTRO EDUCATIVO: CPI Plurilingüe Cabo da Area****INSTRUCCIÓN PARA O CÁLCULO DO IMPORTE DO SERVIZO DE COMEDOR 2024/2025**

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2023:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casíña 435 + casíña 460 – casíña 595
--------------------------------------

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

**Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar**

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR: O concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas (IRPF). Considerarase a unidade familiar á data **31/12/2023**. Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- **No caso de matrimonio:** A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- **En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:** A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1). Polo tanto:

a) Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.

b) Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

c) O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de 2023. Se un fillo cumprira 18 anos durante o ano 2023, xa non formará parte da unidade familiar nese período. Tampouco formará parte da unidade familiar o membro que falecera durante dito período.

d) Nas parellas de feito, só un dos membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida. O proxenitor que, na súa declaración da renda, sinale ao alumno usuario do servizo como membro da súa unidade familiar é o que debe figurar nos rexistros de comedor como declarante ou responsable do mesmo a efectos de cálculo da renda per cápita.

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casíñas correspondentes a retribucións dinerarias e intereses e restar os importes das casíñas correspondentes a cotizacións seguridade social, retencións procedentes do traballo e retencións procedentes do capital mobiliario.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.